FIRMADO POR Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 30/07/2026 14:09:00) , Virginia Fraga Díaz (FECHA: 30/07/2026 14:21:00)
Decreto Nº: 934/2026 - Fecha de decreto: 30/07/2026
Versión imprimible
CVD: hgXhymXipklssRnaADRJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Adhesión ao Programa específico de promoción da reciclaxe a través das plantas de compostaxe promovida pola Sociedade galega do medio ambiente, S.A (SOGAMA) 2026/G003/000987)

EXPEDIENTE: 2026/A006/000008

Visto que a *Lei 2/2024 do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia* dispón, na súa disposición adicional terceira, a posta en marcha e xestión de plantas de compostaxe.

Visto o texto do Programa específico de promoción da reciclaxe a través das plantas de compostaxe promovida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade galega do medio ambiente, S.A (SOGAMA).

Vista a Orde de 23 de xaneiro de 2025, pola que se establecen as condicións para a adhesión das Entidades locais ao citado programa de promoción da reciclaxe.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 6 de marzo de 2026 (Res. 273/2026) pola que se adxudica o servizo de recollida de residuos urbanos, limpeza viaria e xestión do punto limpo municipal no Concello de Teo.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar a adhesión ao *Programa específico de promoción da reciclaxe a través das plantas de compostaxe promovida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade galega do medio ambiente, S.A (SOGAMA*), que se anexa ao presente.

Segundo.- Asumir o contido do texto, e especialmente as obrigas establecidas na súa cláusula terceira.

Segundo.- Remitir a solicitude de adhesión á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, así como á Entidade Sociedade Galega do Medio ambiente, SOGAMA, xunto coa documentación correspondente, para continuar co procedemento.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa, A secretaria xeral, que dou fe

Lucía Calvo de la Uz Virginia Fraga Díaz

ANEXO

Adhesión do Concello de Teo ao Programa específico de promoción da reciclaxe a través das plantas de compostaxe promovida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama)

Na data da sinatura dixital,

REUNIDOS

Dunha banda, Don Javier Domínguez Lino, na súa condición de Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (en adiante SOGAMA) con CIF núm. A15379803, actuando en representación da sociedade mercantil pública segundo o acordo do Consello de Administración de 15 de febreiro do 2015.

Doutra banda, Dona Lucía Calvo de la Uz, na súa condición de Alcaldesa Presidenta do Concello de Teo (en adiante A entidade local), de conformidade co disposto no artigo 21 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o 23 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ambas as dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense mutuamente a capacidade xurídico-legal para obrigarse coa formalización por medio deste negocio xurídico de adhesión

MANIFESTAN

FIRMADO POR Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 30/07/2026 14:09:00) , Virginia Fraga Díaz (FECHA: 30/07/2026 14:21:00)
Decreto Nº: 934/2026 - Fecha de decreto: 30/07/2026
Versión imprimible
CVD: hgXhymXipklssRnaADRJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Primeiro. Sogama, empresa pública adscrita á Consellería competente en materia de residuos, ao amparo do establecido no artigo 25 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, ten asignada a función de xestión dos residuos urbanos a partir do momento no que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas nos Plans de xestión de residuos.

Segundo. Así mesmo, dentro do obxecto social de SOGAMA, inclúense todas as actividades relacionadas co deseño, construción, explotación, e mantemento de instalacións de transferencia, tratamento, eliminación e, en xeral, xestión de todo tipo de residuos engadida a recollida e transporte e a reciclaxe.

Terceiro. Dentro dese ámbito de actividade, e como promoción da reciclaxe a través das plantas de compostaxe promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade coa disposición adicional Terceira da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, construíronse varias instalacións de tratamento da fracción orgánica (FORSU) dos residuos urbanos recollida selectivamente polas entidades locais, así como adaptado varias plantas de transferencia para a recollida específica desa fracción.

Cuarto. As entidades locais, de conformidade coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, teñen reservada a competencia do servizo esencial de recollida, tratamento e aproveitamento dos residuos e deben garantir aos cidadáns a efectiva prestación do servizo esencial, entendendo que a posibilidade de xestión que ofrece a Comunidade Autónoma de Galicia a través de a sociedade pública Sogama, garante a prestación máis axeitada deste servizo.

Quinto. Deste xeito, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través de Sogama, posibilita ás entidades locais que poidan xestionar os residuos FORSU que recollan, tras implantar un novo sistema de recollida selectiva de FORSU, aumentando deste xeito a cociente de material reciclado.

Sexto. Dado que o funcionamento das instalacións de tratamento de FORSU requiren a necesidade dunha separación previa nos fogares da materia orgánica, é necesario que as entidades locais que se adhiran ao Programa realicen previamente a implantación do quinto contedor para a recollida da fracción orgánica, organicen a recollida selectiva de FORSU e desenvolvan as campañas necesarias de sensibilización da poboación.

Sétimo. . A viabilidade económica do Programa fundaméntase na existencia dun canon específico por tonelada de FORSU entregada que cumpra os requisitos mínimos fixados pola consellería competente en materia de

FIRMADO POR Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 30/07/2026 14:09:00) , Virginia Fraga Díaz (FECHA: 30/07/2026 14:21:00)
Decreto Nº: 934/2026 - Fecha de decreto: 30/07/2026
Versión imprimible
CVD: hgXhymXipklssRnaADRJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

residuos nas condicións de adhesión, segundo o establecido na disposición adicional Terceira da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Oitavo. Este negocio xurídico de adhesión adecúase as condicións para a adhesión das entidades locais, de conformidade coa mencionada disposición adicional Terceira da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Por todo o exposto, as partes consideraron a conveniencia de formalizar o presente negocio xurídico de adhesión conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira . Obxecto

Este negocio xurídico de adhesión ten por obxecto formalizar a adhesión da entidade local ao Programa específico de promoción da reciclaxe a través das plantas de compostaxe promovida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través de Sogama. A adhesión réxese polas condicións establecidas na Orde de 23 de xaneiro de 2025 da consellería competente en materia de residuos (DOG 20 do 30 de xaneiro de 2025), ao amparo da disposición adicional Terceira da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Segunda Tipoloxía de residuos

Os residuos domésticos cuxo tratamento se realice mediante a adhesión ao Programa específico de promoción da reciclaxe (en diante o Programa), será o FORSU, que deberá ser recollido de maneira selectiva polos concellos adheridos e entregados nas plantas de compostaxe ou plantas de transferencia adaptadas máis próximas á súa localidade, para o seu tratamento na mesma.

O residuo FORSU entregado non poderá conter máis dun 15% de impropios (plásticos, papel, vidro, téxtiles, etc.), pois se considera o límite técnico para poder ser procesado debidamente na instalación de compostaxe sen comprometer o funcionamento da instalación e/ou a calidade do compost producido na mesma.

A fin de controlar o cumprimento de calidade do FORSU entregado, Sogama poderá realizar caracterizacións dos residuos FORSU entregados polos concellos adheridos cando se detecte que as características do FORSU non son adecuadas.

A propiedade dos residuos entregados pola entidade local pasará a ser de Sogama.

Terceira Obrigas da entidade local

FIRMADO POR Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 30/07/2026 14:09:00) , Virginia Fraga Díaz (FECHA: 30/07/2026 14:21:00)
Decreto Nº: 934/2026 - Fecha de decreto: 30/07/2026
Versión imprimible
CVD: hgXhymXipklssRnaADRJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

A adhesión da entidade local ao Programa implica a plena aceptación das condicións de adhesión establecidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia na Orde de 23 de xaneiro de 2025.

Así mesmo, a entidade local que se adhira ao sistema deberá cumprir as seguintes obrigas **:**

A. Adecuar, en caso necesario, as ordenanzas sobre residuos municipais e outras disposicións para posibilitar o cumprimento dos compromisos asumidos mediante a súa adhesión ao Programa.

B. Especialmente, acometerá a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica dos residuos (FORSU), implantando o contedor específico na cantidade necesaria dos mesmos para dar servizo á poboación e establecer as rutas e frecuencias de recollida que consideren máis adecuadas.

C. Promover as campañas de sensibilización dirixidas aos veciños do concello para que realicen correctamente a separación dos seus residuos.

D. Entregar os residuos FORSU procedentes da recollida selectiva na planta de compostaxe de FORSU ou planta de transferencia habilitada para este tipo de fracción máis próxima á súa localidade, no horario que estea establecido na correspondente instalación, así como nas condicións fixadas, no seu caso, pola normativa en materia de residuos.

   Os residuos recolleitos selectivamente non poderán superar en ningún caso un 15% de impropios. A fin de conseguir a calidade mínima necesaria en canto á cantidade de impropios, recoméndase a instalación de contedores con fechadura baixo chave.

E. A entidade local deberá garantir que os camións que transporten os residuos (i) cumpren a normativa de aplicación en materia de seguridade e hixiene, particularmente no referente a escorrementos de lixiviados e malos cheiros; (ii) sométense á obriga da súa pesada en báscula dado que a facturación se levará a cabo con base nesas pesadas; (iii) os seus condutores observan a normativa establecida para o funcionamento das instalacións. A Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. poderá impedir o acceso ás súas instalacións en caso de que se incumpran ditas condicións.

F. Aboar á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., nos termos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de FORSU ou, no seu caso polo incumprimento das condicións mínimas de calidade do FORSU, o canon único de xestión de RU para aquelas partidas rexeitadas (incluídos os custos que se establecen no apartado C da cláusula cuarta), tendo en conta que:

FIRMADO POR Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 30/07/2026 14:09:00) , Virginia Fraga Díaz (FECHA: 30/07/2026 14:21:00)
Decreto Nº: 934/2026 - Fecha de decreto: 30/07/2026
Versión imprimible
CVD: hgXhymXipklssRnaADRJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

- O número de toneladas determinarase en función das pesadas en báscula debidamente homologada dos vehículos que transporten os residuos.
- O importe do canon unitario de tratamento por tonelada de FORSU entregada fíxase na cantidade de 52,89 euros/tonelada máis IVE para o ano 2026 e actualizarase anualmente, no mes de xaneiro conforme ao establecido na coa disposición adicional Terceira da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.
- En garantía da sustentabilidade financeira do sistema e de acordo co establecido na disposición adicional Terceira da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia e as condicións establecidas na Orde de 23 de xaneiro de 2025 da consellería competente en materia de residuos, no caso de falta de pagamento das cantidades que corresponda abonar ás entidades locais en concepto de canon unitario por tratamento de FORSU, estas terán a consideración de líquidas, vencidas e esixibles para os efectos do seu abono con cargo ás cantidades que correspondan a cada municipio como participación no Fondo de Cooperación Local, por instancia da sociedade pública xestora do sistema, mediante acordo de retención ditado polo órgano encargado da xestión do citado fondo segundo a súa normativa reguladora.

Para estes efectos teranse en conta as seguintes regras:

a. Transcorrido o prazo máximo de pagamento da factura establecido nestas condicións de adhesión, a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. procederá a dirixir apercibimento á entidade local de que solicitará a retención ao órgano encargado da xestión do citado Fondo de Cooperación Local se non se verifica o pagamento no prazo máximo de trinta (30) días.
b. Transcorrido o prazo indicado no apercibimento sen que se efectuase o pagamento, SOGAMA solicitará a retención ao órgano encargado da xestión do citado Fondo de Cooperación Local, que se poderá realizar con independencia da existencia de controversia ou cuestión pendente entre a entidade local e a sociedade pública sobre a cantidade debida, todo iso sen prexuízo, no seu caso, dos efectos derivados da posterior resolución das indicadas controversias ou cuestións. Á dita solicitude xuntarase copia do apercibimento realizado ao concello instando o pagamento da débeda, así como da acreditación da recepción por parte do concello do dito apercibimento.
c. As cantidades retidas serán obxecto de entrega á sociedade pública.

Cando o obrigado ao pago for unha mancomunidade de municipios, os concellos integrantes serán responsables solidarios, na parte que corresponda segundo a súa porcentaxe de participación na correspondente mancomunidade, das débedas xeradas ao xestor institucional do sistema polo impago do canon específico por tonelada de residuos FORSU.

FIRMADO POR Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 30/07/2026 14:09:00) , Virginia Fraga Díaz (FECHA: 30/07/2026 14:21:00)
Decreto Nº: 934/2026 - Fecha de decreto: 30/07/2026
Versión imprimible
CVD: hgXhymXipklssRnaADRJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Cuarta. Obrigas de Sogama

Na súa condición de xestora do programa, Sogama asume as seguintes obrigas:

A. Recibir e xestionar na nova instalación de compostaxe, unha vez posta en marcha a mesma, a fracción FORSU recollida polo concello tras a implantación da recollida selectiva desta fracción e que teñan un máximo dun 15% de impropios.
B. Comunicar calquera incidencia que se detecte na composición do residuo FORSU entregado a fin de que o concello incida nas campañas de sensibilización para corrixir os desvíos.
C. Realizar caracterizacións dos residuos FORSU entregados polos concellos adheridos cando se detecte que as características do FORSU non son adecuadas. No caso de detectarse desvíos superiores ao 15%, a partida ou partidas de FORSU que incumpran, derivaranse ao tratamento común, comunicándose a circunstancia á entidade local de orixe do FORSU e facturándose estas partidas á entidade local ao canon único de xestión de RU. Adicionalmente Sogama repercutirá á entidade local o custo debidamente acreditado da caracterización realizada e do transporte do residuo que non cumpra coa devandita porcentaxe de impropios, desde a planta de compostaxe ata a planta de transferencia ou planta de tratamento de fracción resto máis próxima. Neste caso, Sogama paralizará a descarga da fracción de residuos FORSU da entidade local na planta correspondente ata que este acredite debidamente que o seu residuo cumpre coas características que se fixan en canto á porcentaxe de impropios.
D. A xestión, liquidación e cobramento do canon unitario de tratamento de biorresiduos por tonelada corresponderá a Sogama, que deberá expedir mensualmente as facturas correspondentes ás entidades locais, cuxo aboamento se realizará nos termos establecidos pola Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
De conformidade co artigo 4 da citada Lei 3/2004, do 29 de decembro, Sogama deberá facer chegar a factura mensual ás entidades locais adheridas antes de que se cumpran quince días naturais desde que finalice a prestación mensual obxecto de facturación.
En garantía de transparencia do sistema, as entidades locais poderán verificar as operacións de tratamento realizadas nun prazo non superior a trinta (30) días naturais contados desde que finalice a prestación correspondente ao mes facturado. Para estes efectos, Sogama, achegará á factura mensual un anexo I en que se relacionan os quilos totais por día de FORSU depositados pola entidade local nas instalacións de Sogama. Poderase tamén achegar un anexo II no que se indiquen os quilos recolleitos, detallando a empresa de recollida e a matrícula por cada entrada nas instalacións de Sogama, así como, no seu caso, a/as caracterización/óns daquelas partidas que superan o 15% máximo de impropios. O prazo máximo de pago da factura mensual é de trinta (30) días naturais contados desde a data na que ten lugar a verificación dos labores de tratamento dos residuos.

Quinta. Vixencia

FIRMADO POR Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 30/07/2026 14:09:00) , Virginia Fraga Díaz (FECHA: 30/07/2026 14:21:00)
Decreto Nº: 934/2026 - Fecha de decreto: 30/07/2026
Versión imprimible
CVD: hgXhymXipklssRnaADRJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

En garantía da sustentabilidade financeira do sistema, de acordo coa disposición adicional Terceira da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia e as condicións establecidas na Orden de 23 de xaneiro de 2025 da consellería competente en materia de residuos, para permitir realizar as previsións oportunas en canto ao volume de residuos FORSU que se van a tratar na instalación específica de compostaxe establécese un prazo mínimo de adhesión de cinco anos, que se entenderá tacitamente prorrogado por iguais períodos de tempo, salvo que, cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do prazo de adhesión en vigor, se faga chegar a Sogama un acordo adoptado polo órgano competente da entidade local polo que renuncia a continuar adherida ao sistema de xestión institucional.

Sexta. Resolución e efectos

A adhesión ao sistema de xestión institucional concluirá:

– Por expiración do prazo pactado, de acordo co expresado na cláusula quinta.

– Mediante mutuo acordo das partes.

– Por rescisión derivada do incumprimento grave das obrigas asumidas por algunha das partes.

– Por calquera outra causa prevista no marco normativo vixente.

No suposto de que no momento de instarse a resolución da adhesión se tivesen prestado servizos de forma efectiva que estean pendentes de pagamento, a entidade local deberá aboar o importe correspondente a Sogama.

Sétima. Réxime xurídico e xurisdición

A relación xurídica entre as entidades locais e Sogama, como sociedade pública xestora do programa específico de reciclaxe a través da planta de compostaxe, terá natureza xurídica administrativa, de acordo co establecido na disposición adicional Terceira da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

As cuestións litixiosas que puidesen derivar do acordo de adhesión serán de coñecemento da xurisdición contencioso- administrativa.

E para que así conste, asinan o presente negocio xurídico de adhesión, no lugar e data arriba indicados.

Por SOGAMA
Javier Domínguez Lino

Polo concello de Teo
Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 30/07/2026 14:09:00) , Virginia Fraga Díaz (FECHA: 30/07/2026 14:21:00)
Decreto Nº: 934/2026 - Fecha de decreto: 30/07/2026
Versión imprimible
CVD: hgXhymXipklssRnaADRJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/